

**IES SANTA IRENE
DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

**MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE
MÚSICA**

Curso académico 2022-2023

Vigo 30 de xuño 2023

A Xefa do departamento

Asdo Fátima Bodega Pérez.

COMPOÑENTES

O Departamento de música é unipersoal e está a cargo da profesora **Fátima Bodega Pérez** que imparte 15 horas de clase en tres niveis diferentes cun total de 177 alumnos/as distribuídos en:

- 3 grupos de 2º E.S.O. (6h)
- 3 grupos de 3º E.S.O. (6 h)
- 1 grupo de 4º E.S.O. (3h.)

Funcionamento ao longo do curso

Recursos educativos:

→ **Apuntamentos e fotocopias** : o motivo de empregar este material ten varios obxectivos :

- Evitar un gasto excesivo na economía familiar.
- Aprender ao alumnado a ser responsable e organizado clasificando as fotocopias e conservándoas en perfecto estado. A conservación do material en perfecto estado é valorado positivamente na cualificación final.
- Permite variar máis o repertorio de partituras.

→ **Aula virtual ies Santa Irene**

Un recurso ao alcance de todos para consultar apuntamentos, enlaces didácticos e desde onde organizar os contidos audiovisuais por niveis. Permite unha comunicación máis directa co alumnado, a través do correo integrado na plataforma e do foro de novas, ferramenta de comunicación imprescindible para dar avisos máis xerais. A pesar das súas vantaxes, o alumnado non fai moito uso desta ferramenta e por comodidade prefere que lle entreguemos os exercicios e apuntamentos en papel. A partir de agora será unha ferramenta imprescindible, non só para compartir contidos e materiais didácticos, senón para intercambiar materiais e tarefas co alumnado, así como para realizar probas telemáticas a modo de repaso e reforzo educativo.

Aspectos a mellorar da educación online:

Aínda que tanto docentes como alumnos e pais e nais fixemos un grande esforzo para adaptarnos, en moi pouco tempo ás novas tecnoloxías, será necesario adicar algunhas sesións de clase extra ao principio de curso para que o alumnado se familiarice e interiorice certos procesos concretos como: o envío correcto e seguro de tarefas , contactar a través do correo, compartir vídeos e acceder ás probas telemáticas con soltura.

→ **Selección de audicións por curso:**

● **2º E.S.O:**

Introducimos as audicións como recurso educativo para presentar conceptos básicos da materia. Este ano traballamos unha selección de 6 audicións de períodos diferentes e introducimos o timbre e os rexistros das voces.

● **3º E.S.O:**

1º trimestre: Selección de 6 audicións de música instrumental e selección de instrumentos seguindo a clasificación da orquestra sinfónica.

2º trimestre: Selección de 6 audicións de música vocal abarcando diferentes tesituras.

3º trimestre: Selección Música a través do tempo: selección de audicións de períodos históricos que abranguen da Idade Media ao Romanticismo.

● **4º E.S.O.** Selección de bandas sonoras clásicas, musicais, música de jazz e introdución á música popular urbana.

→ **Selección de fragmentos de concertos:** organizados por niveis, épocas, xéneros, música instrumental e vocal que teñen coma obxectivo principal sensibilizar e educar a futuros oíntes, destacando a importancia de sentir a música en silencio e co maior respecto cara os intérpretes e os compositores.

→ **Selección de películas:** no nivel de 3º e 4º da E.S.O, fragmentos audiovisuais seleccionados como complemento das explicacións e para entender a importancia da música incidental e a música realista no cine como recurso imprescindible para intensificar as emocións.

→ **Asistencia a concertos:**

Restablecimos todas as actividades artístico-culturais anteriores á pandemia como:

- Programa da Fundación: “Vémonos no palco”: asistencia voluntaria a concertos (non didácticos) de repertorio culto.
- Concerto didáctico música popular e folk : “Migrasóns” impartido pola **E-Trad**.
- Concerto didáctico sobre a orixe e evolución da música, impartido por Pablo Carpintero y Rosa Sánchez.

CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN

En liñas xerais cumpríronse os obxectivos mínimos e traballáronse todos os estándares da programación nos niveis de 2º, 3º e 4º da E.S.O pero houbo que axustalos e adaptalos en cursos concretos no nivel de 2º e 3º da eso, debido ás

dificultades do alumnado, concretamente no grupo de 3º A , e á falta de interese e mala conduta no grupo de 2º B.

Sen embargo, tanto o grupo de 2º C como o de 3º C foron cursos moi dinámicos e activos, que amosaron un grande interese e respecto pola música.

Modificacións da programación

No nivel de 2º da eso, quedou sen afondar:

- a parte do **timbre** (clasificación detallada dos instrumentos e das familias instrumentais), pero se presentou, nas sesións que xurdía algún instrumento ou voz nos fragmentos musicais seleccionados;
- a parte de **ritmo** teórica, aínda que na parte práctica estivo presente en cada sesión.
- Na parte práctica, tanto 2º A como 2º C amosaron gran interese, respecto e sensibilidade musicais polo que recuperamos, avanzamos e consolidamos as bases para o curso seguinte.

No nivel de 3º da eso:

- Durante os dous primeiros trimestres tratamos de asentar as bases da linguaxe musical a nivel teórico e práctico, así como a terminoloxía específica da materia de música para que o alumnado poidese expresarse con propiedade ao falar de músicas de estilos diferentes.
- Na práctica instrumental, o nivel acadado foi moi inferior tanto nos grupos de 3º A como de 3º B, debido ás súas poucas destrezas técnicas e á súa falta de interese e respecto pola práctica musical.

Nestes dous grupos, só puidemos preparar partituras sinxelas e cunha interpretación ao unísono.

Sen embargo a actitude no grupo de 3º C , foi moi satisfactoria porque devecían por tocar en grupo.

- No **bloque de escoita activa**, no 3º trimestre , optei por darlles a opción de escoller entre unha lista de 20 audicións para que escollesen aquelas que máis lles gustasen na unidade chamada: **música a través do tempo**. Cada grupo fixo unha selección diferente e os resultados foron moi positivos, xa que ao darlles a opción de escoller, seleccionaron aquelas músicas que máis lles gustaban e aceptáronas mellor que se fosen impostas.

O **bloque de contextos musicais e culturais** foi traballado conxuntamente desde a escoita activa e desde a análise de partituras. A selección das audicións intenta que recoñezan as características fundamentais de cada período musical, así como os elementos musicais

máis característicos, empregando un vocabulario musical axeitado e correcto.

A pesar de que se necesita unha gran capacidade de abstracción e madurez para a súa comprensión, este ano, ao ter máis tempo para afondar e reforzar nesta parte da materia, os resultados foron máis positivos que noutros anos precedentes.

- No nivel de **4º da E.S.O** , o grupo estaba integrado por alumnado de 4º A, 4º B e 4º C. Foi un grupo reducido pero, en xeral moi interesado por aprender e facer música en grupo. O alumnado que elixiu a materia foi alumnado principalmente que xa cursou a materia de música no centro e con formación musical externa nun 50 %. O grupo reducido permitiu desenvolver a parte práctica con partituras de certa dificultade, acadando os seus obxectivos, en apenas tres sesións por peza. Desde un principio creouse un clima idóneo para o traballo en grupo, cun alumnado moi tranquilo e o mesmo tempo moi participativo e creativo, que sabía escoitar e aportar matices e variacións as pezas interpretadas. Foi unha experiencia moi positiva, tanto para a parte docente como para o alumnado.

RESULTADOS ACADÉMICOS

2º CURSO E.S.O.		
GRUPOS	APROBADOS	SUSPENSOS
2º E.S.O A	88,88%	11,12%
2º E.S.O B	72,41%	27,59 %
2º E.S.O C	93,54%	6,46%
3º CURSO E.S.O.		
GRUPOS	APROBADOS	SUSPENSOS
3º E.S.O A	81,48%	18,52%
3º E.S.O B	88,46%	11,54%
3º E.S.O C	92,85%	7,15%

4º E.S.O		
GRUPOS	APROBADOS	SUSPENSOS
4º A/B/C	88,88%	11,12%

**PARTICIPACIÓN NA AULA VIRTUAL
(Práctica interpretativa online)**

GRUPOS	ALTA	MEDIA	BAIXA
2º E.S.O A			x
2º E.S.O B			x
2º E.S.O C		x	
3º E.S.O A		x	
3º E.S.O B		x	
3º E.S.O C		x	
1º BACHE			

Esta segunda táboa demostra que o alumnado, en xeral non ten interese en reforzar as horas lectivas con material extra online, e que o seus intereses dixitais non son precisamente educativos, sen embargo o profesorado, en xeral, tivemos que facer un gran esforzo extra para subir e crear novo material didáctico ás aulas virtuais.

A sensación colectiva é que cada vez o profesorado traballamos máis para adaptarnos ás novas ferramentas educativas e o alumnado traballa menos e desaproveita os medios ao seu alcance, accedendo a ese material en contadas ocasións e de xeito exclusivamente obrigatorio e non voluntario.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- **Saída didáctica a Celanova:** visita á casa dos poetas; Mosteiro de San Rosendo; concerto didáctico de órgano; visita a Castromao...

- **Concerto de Nadal:**

Concerto didáctico de música instrumental para amosar os timbres dos instrumentos aos alumnos de 2º e 3º da eso. O alumnado que participou foi alumnado que segue unha formación musical oficial no conservatorio de música profesional e que convalida música entre outras materias.

Houbo unha mostra de instrumentos de vento madeira: frauta traveseira, óboe; de vento metal: trombón; de vento mecánico: acordeón; de corda fretada: violín e viola; de corda punteada: guitarra.

- **Concerto de Fin de curso:**

Este concerto ten dous obxectivos principais:

O 1º obxectivo é implicar ao alumnado de música para que preparen un repertorio empregando agrupacións Orff, poñendo en práctica todo o aprendido no curso e que se sintan orgullosos e satisfeitos de facer música en grupo.

O 2º obxectivo é educar ao alumnado a escoitar en silencio e con respecto aos seus compañeiros.

Contamos coa colaboración do alumnado que convalida música para completar o repertorio e para enriquecer timbricamente as agrupacións Orff.